

## •PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

### •Como se fai o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

*Será o profesor/a que imparte clase no curso anterior quen cualifique e ditamine os traballos e exames a realizar para recuperar a materia.*

Farase entrega ao longo do curso dun material con actividades propostos e guiados polo profesor responsable da materia de Lingua Galega e Literatura. A elaboración destas actividades debe ser realizada na casa, podendo consultar as dúbidas na clase ou durante o tempo que a profesora ten asignado a atención ó alumnado.

As actividades deberán realizarse nun caderno, bloc..., de xeito ordenado e coidando a presentación. Seranlle postas unha datas de entrega das actividades. As datas de entrega deberán ser respectadas. Se, por calquera circunstancia, algún alumno/a non entregara as actividades no día sinalado, recolleránselle outro día, pero en ningún caso se aceptarán atrasos continuos sen xustificación. Non se establecen para os pendentes libros de lectura obrigatoria.

### •Como se avalía?

O alumnado que entregue os exercicios realizados correctamente, nas datas sinaladas, terá dereito a examinarse da materia pendente.

Probas escritas de contidos 100%.Farase una proba escrita nas datas indicadas pola dirección do centro.Neste exame establecerase una penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10) do mesmo xeito que o establecido para o curso ao que pertence a materia pendente.Indicase en cada pregunta o valor numérico da mesma.

Considérase superada a materia cando o alumnado acade una cualificación de 5 ou máis puntos.

### •Como se elabora a cualificación final. Ponderación, aproximacións, etc.?

Do mesmo xeito có recollido na programación anual.

